

## PROCESO DE SELECCIÓN DO PERSOAL DIRECTIVO E TITOR DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "REDONDELA MAIS QUE BELA IV" PROMOVIDO POLO CONCELLO DE REDONDELA.

O **obxecto** da presente convocatoria é poñer en marcha o obradoiro dual de emprego "REDONDELA MAIS QUE BELA IV" dirixido a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaoto ou máis anos de idade, a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral mediante a realización de obras ou prestación de servizos de utilidade pública ou interese social que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co dito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

Os **postos** que se convocan son os de **DIRECTOR/A** e **TITOR/A**.

**Requisitos mínimos:** as persoas aspirantes deberán reunir, ademais dos requisitos xerais da base terceira, os seguintes requisitos mínimos, para ser admitidas na presente convocatoria:

Para o posto de **DIRECTOR/A** son os seguintes:

- Titulación universitaria superior: Licenciatura ou grao.
- Experiencia profesional mínima de 24 meses relacionada co posto nos últimos 10 anos (experiencia en dirección e xestión de empresas, equipos humanos e proxectos, excluíndo direccións técnicas e facultativas e/ou como técnico/a de emprego e desenvolvemento local, agás orientación e docencia).

Para o posto de **TITOR/A** son os seguintes:

- Titulación universitaria superior: Licenciatura ou grao.
- Experiencia profesional mínima de 24 meses relacionada co posto nos últimos 10 anos.
- Competencia **DOCENTE:** Certificado de profesionalidade de formador/a ocupacional ou de docencia da formación profesional para o emprego ou 6 meses de experiencia en TITORÍA en obradoiro de emprego.

Formalizarase un **contrato de traballo** temporal, para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, a xornada completa, por un período máximo de 12 meses e non poderá exceder a data de remate do obradoiro de emprego, incluídas as vacacións que lles correspondan.

### Presentación de solicitudes:

As persoas interesadas en participar neste proceso selectivo, deberán presentar unha instancia- **ANEXO I** (cuxo modelo se facilitará no rexistro xeral, na sede electrónica ou na páxina web do concello ([www.redondela.gal](http://www.redondela.gal))) **xunto coa documentación que acredite o cumprimento dos requisitos específicos para posto e a documentación necesaria para a valoración dos méritos** e será dirixida á Alcaldía. A presentación de solicitudes poderá facerse no rexistro xeral ou na sede electrónica do Concello de Redondela ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, **no prazo de 3 días hábiles**, a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio desta convocatoria nun dos **diarios de maior tirada na localidade**, no **taboleiro de anuncios da Sede Electrónica** (<https://redondela.sedelectronica.gal/>), **na páxina web, apartado Emprego Público** (<http://redondela.gal/gl/empregopublicor>) da **entidade promotora**.

### Admisión de persoas aspirantes:

Tras finalizar o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ou o órgano no que delegue, aprobará a **lista provisional de persoas admitidas e excluídas**, xunto coa causa da súa exclusión. Esta resolución publicárase na sede electrónica, na páxina web ([www.redondela.gal](http://www.redondela.gal)), apartado de emprego público, persoal laboral temporal) e no taboleiro de anuncios do concello. As persoas excluídas poderán presentar as alegacións que estimen oportunas ou a documentación a subsanar, no prazo de 2 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación da dita relación. A lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións. De haber reclamacións e resoltas estas, a Alcaldía aprobará a **lista definitiva** que se exporá na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

### Bases reguladoras da convocatoria:

As bases desta convocatoria publicáranse no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica (<https://redondela.sedelectronica.gal/>), na páxina web, apartado Emprego Público (<http://redondela.gal/gl/empregopublicor>) da entidade promotora e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego correspondente.

